



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: DEIXAR SEN EFECTO O PROCESO DE SELECCIÓN DO/A DOCENTE ESPECIALIDADE ATENCION SOCIOSANITARIA (AFD)

EXPEDIENTE: 2025/G003/001326

O 09.07.2025 no DOG núm. 130 foi publicada a ORDE pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025-2026 (código de procedemento TR301K).

A presente orde, modificaba ás anteriores en relación á fase de solicitude de subvención. Así no artigo 5.8 sinala textualmente: “**Para poder seren beneficiarias da subvención, as entidades deberán contar co compromiso de participación do número mínimo de persoas traballadoras desempregadas que en cada convocatoria se determine para poder iniciar a acción formativa, así como do persoal docente encargado da súa impartición.**”

O compromiso de participación do alumnado acreditarase, de acordo co disposto no artigo 27 desta orde, mediante acta de selección previa á presentación da solicitude de subvención validada pola oficina de emprego.”

O artigo 27.1 aclara que: “**As entidades que presenten unha solicitude de subvención para impartir accións formativas ao abeiro do disposto nesta orde deberán contar, no momento da súa presentación, co número mínimo de persoas traballadoras desempregadas que para cada convocatoria se determine**”

Tendo en conta dita modificación, para solicitar a subvención precísase realizar varias accións previas, que no caso de non recibir a concesión favorable quedarán sen efecto.

Para poder solicitar dita subvención é preciso, en primeiro lugar, obter un número mínimo de 5 de persoas alumnas desempregadas, para iso utilizárase o método de selección directa, publicando no buscador DIPLOS da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a oferta formativa prevista.

En segundo lugar debería iniciarse o procedemento de selección do seguinte persoal:

- Docente (formador-titor) da especialidade SSCS0208- Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Auxiliar administrativo para o seguimento e control do dito Plan Formativo (AFD).

Nas Bases do proceso de selección de docente (formador/a-titor/a) aprobadas por Resolución de esta alcaldía de data 30 de setembro de 2025, nº 1122/2025, establecíase o seguinte:

“3º.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO.-

A formalización do contrato de traballo, será efectivo sempre que sexa concedida a subvención, segundo a Orde de 8 de xullo de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025/27 para a primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para as persoas traballadoras desempregadas. E sempre que o curso sexa iniciado. En todo caso a persoa docente deberá ser validada pola Consellería responsable.

A duración do contrato, será de aproximadamente 5 meses, comezando o mesmo unha vez a Consellería aprobe a impartición do mesmo e tendo en conta que en todo caso o curso debe estar rematado como data límite o 31 de agosto de 2026.”

O pasado 16 de outubro de 2025, no DOGA nº 200, publicouse Resolución do 9 de outubro de 2025 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, pola que se dá publicidade do esgotamento de crédito da anualidade 2026 do código de procedemento TR301K, da Orde do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025 e 2026 (Diario Oficial de Galicia número 130, do 9 de xullo de 2025), na que se resolvía: **ordenar a publicación no Diario Oficial de Galicia do esgotamento do crédito da anualidade 2026** indicado no punto terceiro, ao abeiro do procedemento TR301K, da Orde do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025 e 2026.

Tendo en conta a xurisprudencia do Tribunal Supremo que indica que para que a Administración non poida volver sobre os seus propios actos é preciso que os mesmos orixinasen, non unha expectativa de dereito, senón un auténtico dereito, que só xorde cando a Corporación Local aprobou a lista provisional de admitidos.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Rematado o prazo de presentación de instancias para a participación no mesmo, visto o anterior, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o proceso de selección de un/unha docente (formador/a-titor/a) para o seguimento do Plan Formativo para o Emprego (AFD) iniciado por Resolución de alcaldía do 30 de setembro de 2025, nº 1120/2025, pola non concesión da subvención en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para as persoas traballadoras desempregadas establecidas na Orde de 8 de xullo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

SEGUNDO.- Comunicar a presente Resolución aos candidatos/as que presentaron solicitude de participación no proceso, comunicándolles que poden solicitar a devolución das taxas de exame que fixeran efectivas, remitindo xunto coa solicitude un certificado da conta bancaria onde queiran que se realice a dita devolución.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.

